

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE XUÑO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e nove de xuño de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 22 de xuño de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio da Tesourería e Xestión de Tributos. Servizo Central de Recadación da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación definitiva da modificación das bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia. (Boletín Oficial da Provincia número 117, do 23 de xuño de 2021).

- Corrección de erros. Resolución do 9 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (Diario Oficial de Galicia número 14, do 22 de xaneiro de 2020). Figura como entidade beneficiaria o Concello de Cambre cun importe concedido en 2020 de 138.778,40 euros e cun importe concedido en 2021 de 208.167,60 euros. (Diario Oficial de Galicia número 120, do 25 de xuño de 2021).

- Orde de 25 de xuño de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 120-Bis, do 25 de xuño de 2021).

- Escrito de don Juan Maria Abalo Cástex, concelleiro do grupo municipal Popular, rexistrado de entrada co número 20219990003460 o día 25 de xuño de 2021, no que comunica a súa ausencia do termo municipal dos días 25 ao 27 de xuño, ambos incluídos.

Igualmente, comunica a ausencia do termo municipal de dona Maria Jesús González Roel, do 25 de xuño ao 10 de xullo, ambos incluídos e de dona Marta Maria Vázquez Golpe do 25 ao 28 de xuño, ambos incluídos.

3º. Expedientes de contratación

3. Único. Solicitud de ampliación do prazo de execución do contrato suscrito para a “Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares”. Expediente 2018/C004/000025

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Por Acordo de Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2019 foi adjudicado o contrato para a organización e desenvolvemento dos Campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares, á empresa “Hebe Sport, S.L.”, con CIF B15890809, por un importe total de 155.886,02 euros IVE incluído.

O contrato foi formalizado con data do 28 de agosto de 2019, (asinándose un documento corrixido con data do 4 de outubro de 2019, se ben con efectos da formalización desde o 28 de agosto anterior) e , segundo o establecido na súa cláusula cuarta, de conformidade co disposto na cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas particulares, o seu prazo de duración é ata o 18 de xullo de 2021, sendo os seus prazos parciais de execución os comprendidos nos períodos vacacionais escolares de Entroido, Semana Santa, verán e Nadal.

O obxecto deste contrato consiste en desenvolver un programa de accións dirixidas á ocupación do tempo libre e de lecer dos nenos en idade escolar, que se desenvolven nas datas nas que non hai curso escolar (verán, Entroido, Nadal e Semana Santa), actividades que se veñen incluíndo nun contexto de conciliación da vida familiar e laboral, en cumprimento das competencias municipais en materia de ocupación do tempo libre.

Con data do 17 de abril de 2020, e logo da emisión do preceptivo informe xurídico asinado pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e do interventor da Corporación de data 16/04/2020, o Sr. Alcalde ditou a Resolución nº 524/2020, pola que se acorda:

“Primeiro: *Decretar a imposibilidade de execución do contrato para a organización e desenvolvemento dos Campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares (exp. 2018/C004/000025), do que é adjudicataria a empresa “Hebe Sport, S.L.” e cúa vixencia se estende ata o día 28 de agosto de 2021, debido ás medidas adoptadas durante a vixencia do estado de alarma acordado por Real decreto 463/2020.*

En consecuencia, determinar que o día desde o que debe considerarse suspendido totalmente o contrato é o día 14 de marzo de 2020 e ata que a dita prestación poida reanudarse, unha vez cese a situación que motivou a suspensión, o que será comunicado ao contratista expresamente.

Segundo: *O adjudicatario terá dereito a unha indemnización tras ter sido verificados os xustificantes que achegue dos danos e perdas que lle causase a suspensión, así como que está ao corrente das súas obrigas laborais e sociais, polos seguintes conceptos:*

1.º Os gastos salariais que efectivamente aboase o contratista ao persoal que figurase adscrito con data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión.

Deberá presentar respecto de cada traballador, copia do contrato, informe de vida laboral dun código ou conta de cotización no suposto de traballadores do cadro de persoal, así como xustificante de ter aboado a nómina e ter aboado a cotización á Seguridade Social.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva, relativos ao período de suspensión do contrato.

Deberá presentar o correspondente xustificante.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

Deberá presentar copia dos contratos, no seu caso, e das facturas e xustificante de aboamento destas.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato que fosen subscritas polo contratista e estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Deberá achegar copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente do pago.

Todo isto sen prexuízo de que a Intervención Municipal poida solicitarlle as aclaracións correspondentes respecto á información que conste nos citados documentos,ou mesmo a documentación complementaria que estime precisa.

Terceiro: *Requirir ao contratista para que acredite de forma fidedigna a realidade, efectividade e contía dos gastos que tal suspensión lle ocasione, mediante a presentación da documentación relacionada no apartado anterior e demais que considere pertinente o adxudicatario, sempre dentro dos conceptos indemnizables que sinala o art. 34.1 do Real decreto lei 8/2020, cuxo importe non poderá en ningún caso ser superior ao custo do contrato para o período vacacional ao que afecte, sen beneficio industrial e sen IVE.*

O contratista deberá cuantificar a cantidade concreta a indemnizar con efecto de final de cada período vacacional dos contemplados no contrato.

Ademais, o contratista deberá acreditar o cumprimento das condicións establecidas no artigo 34.3 último párrafo do Real decreto-lei 8/2020, achegando a seguinte documentación:

- *Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como de alta no Imposto de Actividades económicas con data 14 de marzo de 2020*
- *Declaración responsable dos subcontratistas, provedores ou subministradores que tivese contratado para a execución do contrato, acompañando o xustificante de que están ao corrente nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e alta no IAE a data do 14 de marzo.*
- *Declaración asinada polos subcontratistas, provedores ou subministradores facendo contar expresamente que o contratista está ao corrente das súas obrigas de pagamento.*

Todo isto sen prexuízo de que a Intervención Municipal poida solicitarlle as aclaracións correspondentes respecto á información que conste nos citados documentos,ou mesmo a documentación complementaria que estime precisa.

Será necesario realizar unha ou varias propostas de aboamento á vista da documentación revisada.

Cuarto: *Notificar os presentes acordos ao contratista, facéndolle saber que, de conformidade coa Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, os prazos para presentar os recursos correspondentes quedan suspendidos ata que perda vixencia a suspensión, ou as súas posibles prórrogas.*

Unha vez sexa levantado o estado de alarma, ou as súas posibles prórrogas, contra o presente acordo, e toda vez que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, ou impugnaloo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Quinto: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención municipal para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

Con data do 1 de xullo de 2020, e logo da emisión do preceptivo informe xurídico asinado pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e do interventor da Corporación de data 26/06/2020, a Xunta de Goberno local do Concello de Cambre adoptou os seguintes acordos referidos á reanudación da prestación e modificación do contrato durante o verán de 2020 por mor da crise sanitaria :

"Primeiro: Comunicar á empresa "Hebe Sport, S.L." que con data do vindeiro día **13 de xullo de 2020** reanudarase a execución do contrato para a organización e desenvolvemento dos Campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares (exp. 2018/C004/000025), do que é adxudicataria a citada empresa, e que se atopa suspendido totalmente desde o día 14 de marzo de 2020, debido ás medidas adoptadas durante a vixencia do estado de alarma acordado por mor da crise sanitaria do Covid-19 polo Real decreto 463/2020.

Segundo : Aproba-lo expediente de modificación do contrato para execución da prestación do servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre, nos períodos vacacionais escolares, subscrito no expte. nº 2018/C004/000025 coa entidade "Hebe Sport, S.L.", de conformidade co establecido no artigo 205.2.b) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, esto co fin de facer fronte a circunstancias imprevisibles, debidas á situación imprevista e sobrevida causada pola pandemia COVID-19, e pola que o Concello de Cambre vese obrigado a tomar as medidas de seguridade e hixiene establecidas polo Goberno central na Orde SND/458/2020 do 30 de maio, á hora de organizar o campamento urbano que vai levar a cabo durante o período de vacacións escolares do verán 2020.

A modificación aprobada supón, tal e como consta no informe emitido con data 16/06/2020 pola animadora deportiva adscrita a Educación coa conformidade do coordinador da área, e que conta coa conformidade do contratista adxudicatario, a ampliación do número de persoas destinadas á organización e desenvolvemento do campamento, tal e como consta nas columnas "AUMENTO" e "AUMENTO EN Nº DE HORAS" da seguinte táboa:

Nº DE HORAS PARA OFERTAR EN 3 CENTROS E 108 PLAZAS MÁXIMAS TOTAL:

SERVIZOS	NO CONTRATO EN VIGOR	PARA VERAN ANO 2020	O DO	AUMENTO	AUMENTO EN Nº DE HORAS
Actividades	9 (4h/día)	12 (4h/día)		3 (4h/día)	12 h/día * 35 días= 420 horas
Almorzo	1 (2h/día)	3 (2h/día)		2 (2h/día)	4 h/día * 35 días= 140 horas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Atención participantes ^{1ª} hora mañan	1 (2h/día)	3 (2h/día)	2 (2h/día)	4 h/día * 35 días= 140 horas
Atención participantes de 13:30 a 14:30 horas	1 (1h/día)	3 (1h/día)	2 (1h/día)	2 h/día * 35 días= 70 horas
Comedor	7 (3h/día)	12 (3h/día)	5 (3h/día)	15 h/día * 35 días= 525 horas
Acompañante bus	1 (1,75h/día)	2 (1,75h/día)	1 (1,75h/día)	1,75 h/día * 35 días= 61,25 horas
Apoio	2 (9h/día)	6 (9h/día)	4 (9h/día)	36 h/día * 35 días= 1260 horas
Coordinador/a	1 (9h/día)	3 (9h/día)	2 (9h/día)	18 h/día * 35 horas= 630 horas

Ademáis, supón a adopción das seguintes medidas durante o campamento do verán 2020 :

- Reducirase a ratio monitor/a-participante a 1 por cada 9 participantes.

- Fixarase un máximo de catro grupos de 10 persoas en total mais o/a coordinador e os/os 2 monitores/ as de apoio por lugar de realización de actividade.

- Realizarase o campamento urbano en tres lugares en lugar de en un para poder ofertar o nº máximo total de prazas e que se achegue ao máximo de prazas establecido no contrato en vigor, cumprindo así co aforo por lugar de actividade establecido na Orde.

- Atrasarase o comezo do desenvolvemento do campamento ao 13 de xullo, xa que, para que a xente poida solicitar a praza para o campamento, ten que solicitar cita previa no rexistro municipal (se presenta a solicitude por esta vía) , tal e como está actualmente establecido no Concello de Cambre como medida de seguridade, isto fai que se teña que atrasar o prazo de solicitude ata o 26 de xuño de 2020 e que se teña un tempo para facer a valoración de solicitudes unha vez finalizado devandito prazo. Por iso, as quendas de días do campamento será de: 1º, do 13 ao 24 de xullo; 2º, do 27 de xullo ao 7 de agosto; 3º, do 10 da o 21 de agosto (excepto o 17 que é festivo local) e o 4º, do 24 ao 31 de agosto de 2020.

Terceiro : A modificación antedita leva consigo un aumento no importe do contrato para o ano 2020, tal e como informa a animadora deportiva adscrita a Educación , coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, no seu informe emitido o 16 de xuño actual, de 40.794,16 euros sen IVE e de 44.873,58 euros IVE incluído, constando a conformidade do adxudicatario ao aumento do importe citado, este segundo escrito presentado pola empresa "Hebe Sport, S.L." con data do 23/06/2020 e rexistrado ao nº 20209990001505

Cuarto : En consecuencia co anterior, aprobar o gasto por importe de 44.873,58 euros a cargo da aplicación orzamentaria 326.22608

Quinto : Requiritr á entidade adxudicataria, "Hebe Sport, S.L." , con enderezo na rúa Venezuela nº 3, 15160 Sada (A Coruña), para que, no prazo de quince días naturais, que comencarán a contar a partir da notificación destes acordos, proceda á formalización da modificación do contrato, debendo nese mesmo prazo proceder ao reaxuste da garantía definitiva , por un importe de 2.039,71 euros, esto de conformidade co establecido nos artigos 203.3 e 109.3 da LCSP.

Sexto : Tendo en conta o establecido no artigo 207.3 in fine da Lei 9/2017, publicar un anuncio de modificación no Perfil de contratante do Concello de Cambre , integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado de todos os informes emitidos con carácter previo á súa aprobación.

Setimo : Contra o presente acordo cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no art. 44., apartados 1.a) e 2. d) da LCSP e cláusula 32.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (art. 50.1.e) da Lei 9/2017 de contratos do sector público), a contar desde o día seguinte ao da publicación no Perfil de Contratante, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da Lei 9/2017, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, “pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público” (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica [https:// tacgal. xunta. gal/ procedementos_e.html](https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html). En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados. A tramitación das medidas provisionais substanciarase conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

O contrato modificado foi asinado con data do 10 de xullo de 2020 e publicado no Perfil de Contratante o día 31 de xullo seguinte.

Con data do 1 de decembro de 2020, e logo da emisión do preceptivo informe xurídico asinado pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación de data 27/11/2020 e máis do informe da Intervención de data 29/11/2020, a Xunta de Goberno local do Concello de Cambre adoptou os

seguintes acordos referidos á modificación do contrato durante as vacacións escolares do Nadal 2020/21 por mor da crise sanitaria :

“Primeiro: *Aproba-lo expediente de modificación do contrato para execución da prestación do servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre, nos períodos vacacionais escolares , subscrito no expte. nº 2018/C004/000025 coa entidade “Hebe Sport, S.L.” , de conformidade co establecido no artigo 205.2.b) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, esto co fin de facer fronte a circunstancias imprevisibles , debidas á situación imprevista e sobrevida causada pola pandemia COVID-19 , e pola que o Concello de Cambre vese obrigado a tomar as medidas de seguridade e hixiene establecidas po la Xunta de Galicia publicadas no DOG de 4 de novembro de 2020 á hora de organizar o campamento urbano que vai levar a cabo durante o período de vacacións escolares do Nadal 2020/2021.*

A modificación aprobada supón , tal e como consta no informe emitido con data 26 de novembro pola animadora deportiva adscrita a Educación coa conformidade do coordinador da área, e que conta coa conformidade do contratista adxudicatario, a adopción das seguintes medidas:

- *A ratio monitor/a – participante debe ser menor á establecida no contrato en vigor.*
- *O nº total de prazas máximas para este programa debe ser menor ao establecido no contrato en vigor.*
- *O aforo no lugar de realización da actividade debe ser menor ao que era en edicions anteriores*

Polo que se propón unha modificación consistente na adopción das seguintes medidas:

- *Se reducirá a ratio monitor/a-participante a 1 por cada 5 participantes.*
- *Se fixará un máximo de cinco grupos de 5 persoas en total co seu monitor/a para cada un dos servizos ademáis do/a coordinador e os/as 2 monitores/as de apoio.*
- *Se establecerá un mínimo inferior ao contemplado no contrato para cada un dos servizos resultando ser o seguinte:*

SERVIZOS	Mínimo	Máximo
	Atención aos participantes a 1ª hora	5
Almorzo	5	
Actividades	10	
Comida	10	
Transporte	10	

- *En relación ao servizo de atención aos participantes a 1ª hora da mañá (de 7:30 a 9:30 horas) e almorzo (de 7:30 a 9:30 horas) se establecerán 5 grupos de 5 participantes cada un co seu monitor/a.*
- *En relación ao servizo de comida (de 13:30 a 16:30 horas), se establecerán 5 grupos de 5 participantes cada un co seu monitor/a.*

Todo elo, suporía:

- *Ampliar o nº de persoas destinadas ao servizo de atención os participantes a 1ª hora da mañá (de 7:30 a 9:30) e almorzo en dous monitores/as máis xa que ademáis dos 2 que xa están establecidos no contrato en vigor*

destinaremos uno/unha dos de apoio que ya están contemplados no contrato en vigor, tal e como consta na seguinte táboa :

SERVIZOS	NO CONTRATO EN VIGOR	AUMENTO PARA NADAL 2020	AUMENTO Nº DE HORAS	IMPORTE ADXUDICACIÓN	IMPORTE TOTAL
Almorzo	1 (2h/día)	1 (2h/día) * 9 días	18 horas	13,21 e/h (IVE incluído)	237,78 euros (IVE incluído)
Atención participantes ^{1ª} hora mañá	1 (2h/día)	1 (2h/día) * 9 días	18 horas	13,21 e/h (IVE incluído)	237,78 euros (IVE incluído)
TOTAL IMPORTE AMPLIACIÓN CONTRATO	475,56 euros (IVE incluído)				

Segundo : A modificación antedita leva consigo un aumento no importe do contrato para o ano 2020, tal e como informa a animadora deportiva adscrita a Educación , coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, no seu informe emitido o 26 de novembro actual, de 475,56 euros IVE incluído, constando a conformidade do adxudicatario ao aumento do importe citado, esto segundo escrito presentado pola empresa "Hebe Sport, S.L." con data do 27/11/2020 e rexistrado ao nº 202099900004706

Terceiro : En consecuencia co anterior, aprobar o gasto por importe de 475,76 euros a cargo da aplicación orzamentaria 326.22608

Cuarto : Requiritr á entidade adxudicataria, "Hebe Sport, S.L." , con enderezo na rúa Venezuela nº 3, 15160 Sada (A Coruña), para que, no prazo de quince días naturais, que comenzarán a contar a partir da notificación destes acordos, proceda á formalización da modificación do contrato, debendo nese mesmo prazo proceder ao reaxuste da garantía definitiva , por un importe de 21,62 euros, esto de conformidade co establecido nos artigos 203.3 e 109.3 da LCSP.

Quinto : Tendo en conta o establecido no artigo 207.3 in fine da Lei 9/2017, publicar un anuncio de modificación no Perfil de contratante do Concello de Cambre , integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado de todos os informes emitidos con carácter previo á súa aprobación.

Sexto : Contra o presente acordo cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no art. 44., apartados 1.a) e 2. d) da LCSP e cláusula 32.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (art. 50.1.e) da Lei 9/2017 de contratos do sector público), a contar desde o día seguinte ao da publicación no Perfil de Contratante , sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da Lei 9/2017, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica [https:// tacgal. xunta. gal/ procedementos_e.html](https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html). En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados. A tramitación das medidas provisionais substanciarase conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

O contrato modificado foi asinado con data do 16 de decembro de 2020 e publicado no Perfil de Contratante o día 18 de decembro de 2020.

Con data do 13 de abril de 2021 e nº de rexistro 202199900002094 preséntase no Concello de Cambre escrito pola empresa "Hebe Sport, S.L.", no que solicita que se amplíe a data de finalización do contrato, a fin de compensar cunha ampliación do servizo as perdas e períodos non executados do presente contrato.

Os períodos aos que se refire a compensación temporal que solicita son os seguintes:

- 6 de abril de 2020 a 13 abril 2020 (Semana Santa 2020)
- 1 de xullo a 12 xullo 2020 (primeira quenda do verán 2020)
- 15 a 17 febreiro 2021 (Entroido 2021)
- 29 marzo a 5 abril 2021 (Semana Santa 2021)
- Do 18 de xullo de 2019 (data na que estaba previsto o comezo da execución do contrato) ao 29 de xullo de 2019 (data na que efectivamente comezou a prestación, trala sinatura do contrato o 28 de agosto de 2019)

Con data do 4 de maio de 2021 emítase informe polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, no que se conclúe que, de acceder ao solicitado, "o contrato actual podería ampliarse nas condicións do contrato en vigor durante 13 días máis, desde o 19 de xullo ata o 4 de agosto de 2021 (ambos inclusive)".

Visto o informe emitido ao respecto pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 21 de xuño de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro : Desestimar a solicitude formulada con data do 13 de abril de 2021 pola empresa “Hebe Sport, S.L.”, adxudicataria do contrato para a prestación do servizo de “Organización e desenvolvemento de Campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares”, e consistente na ampliación do prazo do contrato para cubrir os danos e perdas sufridos a consecuencia da suspensión da execución do contrato por mor da crise sanitaria da Covid 19 durante os períodos de:

- 6 de abril de 2020 a 13 abril 2020
- 1 de xullo a 12 xullo 2020
- 15 a 17 febreiro 2021
- 29 marzo a 5 abril 2021
- Do 18 de xullo de 2019 ao 29 de xullo de 2019

A razón da desestimación estriba nas seguintes circunstancias :

- a) En que o dereito da empresa a ser indemnizada pola suspensión do contrato durante estes períodos xa foi acordada mediante Resolución da Alcaldía nº 524/2020 do 17 de abril, notificada á empresa coa mesma data do 17/04/2020, e na que se lle recoñecía unha compensación económica para a cal debería cuantificar a cantidade concreta con efecto final de cada período vacacional e achegar a documentación xustificativa indicada na citada resolución, sen que á data actual a empresa presentase documentación ningunha.
- b) Por maior abastanza, **a medida solicitada non resulta de aplicación aos contratos de servizos de prestación sucesiva**, (como é o presente), senón para os contratos de concesión, esto de conformidade co establecido no artigo 34, apartados 1 e 4 do Real decreto-Lei 11/2020 do 31 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da Covid-19 .
- c) O período comprendido entre o 18 e o 29 de xullo de 2019 é anterior á declaración do estado de alarma e suspensión do servizo, polo que non lle resulta de aplicación a normativa dictada por mor da crise sanitaria da Covid-19.

Segundo : Notificar os presentes acordos ao contratista, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, polo que poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición , ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención municipal para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 18 ao 24 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegado da área de Benestar Social número 982/2021 e remata coa resolución da Alcaldía número 1044/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
982/2021	18-06-2021	Concesión axuda lentes correctoras por importe de 200 euros a R.F.A.V.
983/2021	18-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 86.513,48 €
984/2021	18-06-2021	Aprobación de facturas
985/2021	18-06-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de xuño de 2021
986/2021	18-06-2021	Autorización ao BNG de Cambre para ocupación dun espazo público o día 20 de xuño de 2021, diante da oficina de Abanca, na rúa Cruceiro
987/2021	18-06-2021	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a X.V.L.
988/2021	19-06-2021	Aprobación da oferta do programa de actividades físico deportivas durante o verán 2021 organizadas polo Concello de Cambre.
989/2021	21-06-2021	Concesión axuda emerxencia social a T.A.M.P. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
990/2021	21-06-2021	Denegación axuda emerxencia social alimentación a T.A.M.P., os ingresos son superiores ao establecido pola ordenanza
991/2021	21-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 83.858,56 €
992/2021	21-06-2021	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 24 de xuño de 2021
993/2021	21-06-2021	Concesión axuda emerxencia social de alimentación a M.C.G.T. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

994/2021	21-06-2021	Alta de persoa voluntaria no proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
995/2021	21-06-2021	Alta de persoa voluntaria no proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
996/2021	21-06-2021	Alta de persoas voluntarias no proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
997/2021	21-06-2021	Alta de persoas voluntarias no proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
998/2021	21-06-2021	Alta de persoas voluntarias no proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
999/2021	21-06-2021	Alta de persoas voluntarias no proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
1000/2021	21-06-2021	Alta de persoas voluntarias ao proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
1001/2021	21-06-2021	Alta de persoas voluntarias ao proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
1002/2021	22-06-2021	Concesión axuda aluguer por importe total de 850 euros a A.D.S.V.
1003/2021	22-06-2021	Concesión axuda emerxencia municipal de alimentación a C.F.V. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1004/2021	22-06-2021	Alta de persoas voluntarias ao proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
1005/2021	22-06-2021	Alta de persoas voluntarias ao proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
1006/2021	22-06-2021	Alta de persoas voluntarias ao proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
1007/2021	22-06-2021	Alta de persoas voluntarias ao proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
1008/2021	22-06-2021	Alta de persoas voluntarias ao proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
1009/2021	22-06-2021	Alta de persoas voluntarias ao proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
1010/2021	22-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 73.372,02 €
1011/2021	22-06-2021	Alta de persoas voluntarias ao proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño".
1012/2021	22-06-2021	Devolución de aval por construción de vivenda unifamiliar illada no lugar de Espírito Santo, Cecebre.
1013/2021	22-06-2021	Devolución de aval para garantir obras de urbanización por construción de vivenda no lugar do Corgo, Sta. María de Vigo. Promotor: M.B.C.
1014/2021	22-06-2021	Modificación de licenza concedida para instalación de terraza durante o ano 2021 fronte a local sito na rúa Anxel Fole, O Temple
1015/2021	22-06-2021	Concesión de licenza para instalación de terraza durante o 2021



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		fronte a local sito na rúa Temple, parroquia do Temple
1016/2021	22-06-2021	Reposición de legalidade urbanística por actos en Volteiro (Cecebre), consistentes na construción dun porche sen título habilitante. Propiedade: R.G.G. e L.M.B.H.
1017/2021	22-06-2021	Concesión de licenza para instalación de terraza durante o 2021 fronte a local sito na praza Manuel Lugrís, O Temple
1018/2021	22-06-2021	Expediente sancionador por música en piso sito en Paseo Templarios, O Temple. Infractor: C.A.R.G.
1019/2021	22-06-2021	Expediente sancionador por vertido de gasoil na rúa Rosalía de Castro, O Temple. Infractor: A.G.E.
1020/2021	22-06-2021	Concesión axuda aluguer por importe total de 500 euros a N.C.L.
1021/2021	22-06-2021	Orden de execución polo estado dos muros de peche da parcela que lindan cos camiños públicos municipais no lugar de Sobrecarreira, Sigrás. Propiedade: F.J.E.M.
1022/2021	22-06-2021	Concesión de licenza para instalación de terraza durante o 2021 fronte a local sito na rúa Polígono, O Temple
1023/2021	23-06-2021	Concesión de licenza para instalación de terraza durante o 2021 fronte a local sito na rúa Paseo Marítimo, O Temple
1024/2021	23-06-2021	Concesión de licenza para instalación de terraza durante o 2021 fronte a local sito na rúa Temple, O Temple
1025/2021	23-06-2021	Adxudicación de contrato menor para a adquisición dos materiais necesarios para desenvolver o proxecto de acción voluntaria "O Noso Camiño" 2021.
1026/2021	23-06-2021	Adxudicación de contrato menor para as obras de cerramento lateral parcela municipal en Crta Cambre- Temple.
1027/2021	23-06-2021	Avocación de funcións da concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá do día 17 de xullo de 2021 ao día 1 de agosto, ambos incluídos
1028/2021	23-06-2021	Solicitude de subvención para creación de hortos urbanos, en virtude de Resolución do 26 de abril de 2021 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2021 e 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural
1029/2021	23-06-2021	Solicitude de permiso de condutor para vehículos lixeiros de servizo público (taxis)
1030/2021	23-06-2021	Tramitación subvención. Orde do 9 de marzo de 2021 / Dinamización á lectura / Ler conta moito
1031/2021	23-06-2021	Resolución que aproba a nómina de xuño e paga extraordinaria de xuño 2021
1032/2021	23-06-2021	Anticipo caixa fixa núm. 1/2020 dende o 27/12/2019 ao 31/03/2020.
1033/2021	24-06-2021	Concesión de licenza para instalación de terraza durante o 2021 fronte a local sito na rúa Constitución, O Temple



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1034/2021	24-06-2021	Expediente sancionador pola colocación dunha nova rampla de madeira na rúa Constitución (O Temple). Infractor: D.Y.S.L.
1035/2021	24-06-2021	Reposición de legalidade urbanística pola construción dun muro de contención en terreo sito en Sobrecareira, Sigrás. Propietario: P.L.C.
1036/2021	24-06-2021	Desistencia tarxeta estacionamento de M.M.L.
1037/2021	24-06-2021	Reposición de legalidade urbanística polas obras de reforma interior de vivenda illada en Sobrecarreira, Sigrás. Titular: A.F.F.
1038/2021	24-06-2021	Reposición de legalidade urbanística por ocupación de vía pública sen autorización na fronte da vivenda sita en Sobrecarreira, Sigrás. Propiedade: A.P.D.
1039/2021	24-06-2021	Reposición de legalidade urbanística no lugar de Sarnoso, parroquia de Brexo
1040/2021	24-06-2021	Aprobación ACF 2/2020 polo período comprendido do 01/04/2020 ao 30/06/2020
1041/2021	24-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 55.775,33 €
1042/2021	24-06-2021	Ausencia de dona María del Carmen Pan Matos dende o día 12 ao 23 de xullo de 2021, ambos os dous incluídos
1043/2021	24-06-2021	Avocación de funcións do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico do día 9 ao día 23 de agosto de 2021, ambos incluídos
1044/2021	24-06-2021	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de maio de 2021, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de xuño de 2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación do “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre 2021”, a prol do licitador “Jardincelas S.L”.

Expte: 2021/C004/000002

- Proposta de adxudicación da “Subministración, a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario, de papel e material de oficina para o Concello de Cambre”, a prol do licitador Diego García Besteiro, no prezo ofertado de 14.938,37 euros sen IVE (18.075,43 euros IVE incluído).

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de adxudicación do “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre 2021”, a prol do licitador “Jardincelas S.L”.

Expte: 2021/C004/000002

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C004/000002 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) do “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre 2021”, , cun orzamento base de licitación de 76.340,00 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 21 de maio de 2021, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 10 de xuño de 2021, a prol do licitador “Jardincelas S.L.”, nos prezos unitarios ofertados, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que a empresa xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, segundo informe do enxeñeiro de Camiños municipal de data 8/06/2021 ratificado pola Mesa de Contratación con data 10 de xuño de 2021

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e financeira e maila solvencia técnica, así como a suficiencia de medios persoais e e materiais para a execución do contrato, isto segundo informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos municipal, de data do 25 de xuño de 2021.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 28 de xuño de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 222/2021 emitido polo interventor da Corporación coa mesma data do 28/06/2021

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 14 e 21 de maio de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 13 e 14 do PCAP e achegar debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do mesmo:

- Construcciones Cernadas, S.L.
- Jardincelas, S.L.
- José Carlos Mallo Ares
- Servitec Medioambiente, S.L.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 21 de maio de 2021, a seguinte puntuación correspondente aos criterios avaliábeis de forma automática (prezos unitarios de execución material por metro lineal de dobre gábia en traballos mecanizados ; prezos unitarios de execución material por metro lineal de dobre gábia en traballos de tipo manual; prezo unitario de execución material por metro cuadrado de fincas; e sistemas de xestión medioambiental), así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido naquelas cuio cálculo de prezo anual resulte inferior a 57.658,08 euros IVE excluído:

EMPRESA	Prezo unitario metro lineal dobre gábia en traballos mecanizados	Puntos	Prezo unitario metro lineal dobre gábia en traballos tipo manual	Puntos	Prezo unitario por metro cuadrado de fincas	Puntos	Sistema de xestión medioambiental	Puntos	PUNTUACIÓN TOTAL
Construcciones Cernadas SL	0,1891	44,95	0,6545	5,35	0,0480	18,75	ISO 14001	10	79,05
Jardincelas SL	0,1700	50,00	0,3500	10,00	0,0300	30,00	ISO 14001	10	100
José Carlos Mallo Ares	0,1791	47,44	0,6155	5,69	0,0460	19,57	-	0	72,69
Servitec Medioambiente SL	0,1800	47,22	0,6100	5,74	0,0480	18,75	ISO 14001	10	81,71

*Prezos sen IVE

Terceiro: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares:

ORDE	EMPRESA	PUNTUACIÓN
1	Jardincelas SL	100,00
2	Servitec Medioambiente SL	81,71
3	Construcciones Cernadas SL	79,05
4	José Carlos Mallo Ares	72,69

Cuarto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 10 de xuño de 2021, adjudicar o "Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre", a prol da entidade "Jardincelas, S.L.", con NIF B155***** e enderezo no Lugar de Peiro de Arriba, 16 – 15189 Culleredo (A Coruña), nos prezos unitarios ofertados que se relacionan de seguido, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, unha vez xustificada suficientemente a súa oferta inicialmente incursa en presunción de ser anormalmente baixa, segundo informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal con data do 8 de xuño de 2021 ratificado pola Mesa de Contratación o día 10 de xuño seguinte.

DENOMINACIÓN	Prezo unitario ofertado	IVE (10%)	Prezo unitario ofertado
--------------	-------------------------	-----------	-------------------------

	(excluído 10% IVE)		(incluído 10% IVE)
Desbroce mecánico e limpeza de camiños	0,17	0,017	0,187
Desbroce manual e limpeza de camiños	0,35	0,035	0,385
Desbroce mecánico e limpeza de fincas	0,03	0,003	0,033

De conformidade co establecido na cláusula 17.3 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse, ademais de nos prezos unitarios ofertados, nos certificados de sistemas de xestión medioambiental co que conta a entidade.

Quinto: Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación consonte ao artigo 44 e 153 LCSP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcurrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

O adxudicatario presentará, antes da firma do contrato, os documentos relativos ao seguro de responsabilidade civil a que se refire a cláusula 23, do prego de cláusulas administrativas particulares.

A formalización do contrato publicarase, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días no Perfil de Contratante (art. 154 LCSP).

De conformidade co establecido na cláusula 19.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, dentro dos quince días naturais seguintes á sinatura do contrato, o contratista adxudicatario deberá presentar a través da sede electrónica do Concello de Cambre (<https://sede.cambre.es>), os seguintes documentos:

- Plan ou Programa de realización dos traballos, tendo en conta o establecido no art. 5 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares
- Un estudio básico de seguridade e saúde laboral (art. 14 del PPT)
- Descrición do sistema de control e seguemento dos traballos que permita proporcionar ao Concello todos os datos requeridos en orde á xustificación das tarefas realizadas

Unha vez informados favorablemente polo responsable do contrato, corresponde ao órgano de contratación aprobar o Plan ou Programa de traballos e o estudio básico de seguridade e saúde laboral.

Sexto: De conformidade coa cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désígnase como responsale do contrato ao enxeñeiro de Camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores participantes e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector

Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, contra os mesmos, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no art. 44., apartados 1.a) e 2. c) da LCSP e cláusula 30.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (art. 50 LCSP e Disposición Adicional décimo quinta da Lei 9/2017 de contratos do sector público), a contar desde o día seguinte ao do aviso de posta ao dispor da notificación a través da plataforma Notifica. gal, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da Lei 9/2017, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "*polo que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público*" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adjudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación as medidas provisionais substanciarase conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-

Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese ao enxeñeiro de Camiños municipal, responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adxudicación da “Subministración, a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario, de papel e material de oficina para o Concello de Cambre”, a prol do licitador Diego García Besteiro, no prezo ofertado de 14.938,37 euros sen IVE (18.075,43 euros IVE incluído). Expediente: 2021/C005/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“A Xunta de Goberno Local, con data 23 de marzo de 2021, acordou a incoación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000005 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación (de apreciación automática: factor prezo) da “Subministración, a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario, de papel e material de oficina para o Concello de Cambre”, cun valor estimado de 50.057,34 euros e un orzamento base de licitación total de 18.079,36 euros (IVE incluído).

Visto que a Mesa de Contratación, con data 15 de abril de 2021, aprobou a valoración das ofertas presentadas, segundo o criterio de adxudicación establecido na cláusula 12 do Prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica), así como a proposta de adxudicación do contrato a prol do licitador “Diego García Besteiro”, no prezo ofertado de 14.938,37 euros sen IVE (18.075,43 euros IVE incluído) para a totalidade dos artigos do Anexo I do Prego de prescricións técnicas, e un desconto do 3% para os artigos non incluídos no Anexo I do PPT.

Visto que outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17.1.5 do PCAP, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e tendo en conta os datos que figuraban no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica, segundo consta no informe da xefa da Unidade de Réxime Interior de data 28 de xuño de 2021.

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria xeral e interventor municipal, de data 28 de xuño de 2021, que contén a proposta de acordo a adoptar.

Tendo en conta o establecido na cláusula 17 do PCAP que rexe no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 15 de abril de 2021, declarar válida a licitación e admitir a proposición presentada por **"Diego García Besteiro"**, por cumprir coas condicións e requisitos establecidos na Cláusula 13 do PCAP e achegar debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II, así como o modelo de proposición económica segundo o modelo dos Anexos III e IV do PCAP.

Segundo: De conformidade co establecido no art. 84 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e cláusula 16.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, excluír do procedemento de licitación a oferta presentada pola entidade **"Lucas Rojas, S.L."**, por incorrer en erro manifesto no importe da proposición, ao existir unha discrepancia na súa oferta entre os prezos ofertados nas columnas de "Prezo unitario (segundo unidade de referencia e 2 decimais máximo)" con IVE e sen IVE, e os prezos ofertados nas columnas "Prezo total (sen IVE)" e "Prezo total (con IVE)", coa única excepción de 4 produtos (Caderno con espiral simple (formato 16º)-Cuadrícula 4x4-80 follas (aprox.); Goma de borrar – Faragulla de pan; Push pins de sinalización; e recambios coitelas cutter).

Terceiro: Excluír do procedemento de licitación a oferta presentada pola entidade **"Paz Dismac S.L."**, por exceder do prezo unitario establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas respecto do produto "Push pins de sinalización", onde se parte dun prezo de licitación de 0,48 euros (sen IVE), sendo o importe ofertado de 0,53 euros (sen IVE).

Por tanto, resulta de aplicación o establecido no art. 139.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, así como na cláusula 5.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, en virtude da cal: **"Todos os prezos unitarios teñen carácter máximo, polo que serán excluídas as ofertas que excedan calquera deles, aínda que non se supere o orzamento base de licitación global."**

Cuarto: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 15 de abril de 2021, a seguinte valoración do único licitador admitido, en aplicación do criterio de adxudicación que consta na cláusula 12.1 do PCAP (oferta económica) así como o límite para a determinación de ofertas anormalmente baixas que, ao tratarse dun único licitador, queda establecido naquelas que sexan inferiores ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais (isto de conformidade co establecido na cláusula 16.3.2 do PCAP e art. 85.1 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas), polo que "Diego García Besteiro" non se atopa en tal circunstancia:

Licitador	Oferta económica produtos e prezos unitarios do Anexo I do PPT (Ata 90 puntos)	Oferta económica produtos non incluídos no Anexo I PPT, en relación coa Cláusula 9 PPT e Cláusula 3.1 PCAP (Ata 10 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL
Diego García Besteiro	90 puntos	4 puntos	94 puntos

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 15 de abril de 2021, adxudicar a "Subministración, a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario, de papel e material de oficina para o Concello de Cambre" a **"Diego García Besteiro"**, nos prezos unitarios que seguidamente se relacionan, que supoñen un prezo global ofertado para a totalidade dos artigos do Anexo I do PPT de 14.938,37 euros sen IVE (18.075,43 euros IVE incluído), e un desconto do 3% para os artigos non incluídos no Anexo I do PPT, en relación coa cláusula 9 do dito prego e cláusula 3.1 do PCAP, isto por ser o único licitador admitido na licitación, cumprir coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 13 do PCAP e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ter achegado debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II, así como o modelo de proposición económica segundo os modelos dos Anexos III e IV do PCAP.

Os prezos unitarios ofertados, que constan no Anexo IV presentado polo licitador xunto co seu modelo de proposición económica son os seguintes:

Descrición	Unidade de referencia	Prezo unitario		Total anual estimado	Prezo total (sen IVE)	Prezo total (con IVE)
		(segundo unidade de referencia e 2 decimais máximo)				
		SEN IVE	CON IVE			
Categoría A) - Papel para fotocopiadoras e impresoras						
PAPEL DIN A4 80 grs. Tipo multifunción	Caixa de 2.500 unidades	15,94 €	19,29	325	5.180,50	6.268,41
PAPEL DIN A3 80 grs. Tipo multifunción	Caixa de 2.500 unidades	33,98 €	41,12	25	849,50	1.027,90
Rollo para impresión en ploter de tamaño 91,4 cm (ancho) x 50 m (largo) - 90 grs.	1 unidade	13,25 €	16,03	1	13,25	16,03
Categoría B) Outro material de oficina						
SOBRES ESTÁNDAR - Papel Offset branco, 90 gr/m ² - Medidas 110x220 (americano) - Tira siliconada	Caixa de 500	13,20 €	15,97 €	1	13,20	15,97
SOBRES-BOLSA - Papel kraft - 90 g - Tira siliconada - Medidas 229x324	Caixa de 250	18,45 €	22,32 €	4	73,80	89,30
SUBCARPETA en cartulina reciclada - Tamaño folio - 170/180 gr - Cores (branco e verde)	Caixa de 50 unidades	6,45 €	7,80 €	100	645,00	780,45
CARTULINA DE 180 gm/m ² CORES - Tamaño A4	Paquete 50 hojas	2,80 €	3,39 €	10	28,00	33,88
CADERNO con espiral simple (formato 4º) - Cadrícula 4x4 - 80 follas (aprox.)	1 unidade	0,82 €	0,99 €	10	8,20	9,92
CADERNO con espiral simple (formato 8º) - 80 follas - Cadrícula 4x4 - 80 follas (aprox.)	1 unidade	0,59 €	0,71 €	10	5,90	7,14
CADERNO con espiral simple (formato 16º) - Cadrícula 4x4 - 80 follas (aprox.)	1 unidade	0,40 €	0,48 €	10	4,00	4,84
PORTAFIRMAS - Acollchado - Lomo extensible tipo acordeón con 18 separadores (+-2), con tarxetero en portada	1 unidade	38,50 €	46,59 €	8	308,00	372,68
CARPETA CLASIFICADOR - Tamaño Fº - Lomo fuelle - Mínimo 18 departamentos	1 unidade	37,58 €	45,47 €	3	112,74	136,42
AXENDAS modelo axenda día por páxina (24 cm x 17 cm aprox.)	1 unidade	11,74 €	14,21 €	20	234,80	284,11



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

REPOSTOS tacos calendario - Modelo: 6 follas por semana; 2 taladros; tamaño aprox. 8,5 cm x 11 cm	1 unidade	1,02 €	1,23 €	90	91,80	111,08
SOPORTES tacos calendario, plástico	1 unidade	1,80 €	2,18 €	5	9,00	10,89
LISTÍN TELEFÓNICO - 4 aneis - Tamaño A5	1 unidade	11,40 €	13,79 €	3	34,20	41,38
RECAMBIO LISTÍN TELEFÓNICO	1 unidade	2,22 €	2,69 €	5	11,10	13,43
TARXETERO peche de aneis - Tamaño 4º	1 unidade	9,65 €	11,68 €	3	28,95	35,03
FUNDAS recambio tarxetero - Tamaño 4º	Bolsa de 10	1,64 €	1,98 €	3	4,92	5,95
BLOC DE NOTAS RESPOSICIONABLES AMARELAS 38x51	100 hojas	0,52 €	0,63 €	240	124,80	151,01
BLOC DE NOTAS RESPOSICIONABLES AMARELAS 76x76	100 hojas	1,11 €	1,34 €	240	266,40	322,34
BLOC DE NOTAS RESPOSICIONABLES AMARELAS 76x127	100 hojas	1,46 €	1,77 €	150	219,00	264,99
BANDERITAS ADHESIVAS	1 unidade	2,48 €	3,00 €	15	37,20	45,01
BOLÍGRAFOS CRISTAL CORES (azul, negro, vermello) Punta media.	1 unidade	0,23 €	0,28 €	1000	230,00	278,30
ROLLER PILOT V5/V7 CORES (azul, negro, vermello)	1 unidade	1,36 €	1,65 €	240	326,40	394,94
ROLLER PILOT V-Ball 05 /V-Ball 07 CORES (azul, negro, vermello)	1 unidade	1,36 €	1,65 €	240	326,40	394,94
ROTULADOR PUNTA FIBRA CORES (azul, negro, vermello)	1 unidade	0,56 €	0,68 €	300	168,00	203,28
MARCADOR PERMANENTE GROSO PUNTA CÓNICA (azul, negro, vermello) - Trazo 1,5-3	1 unidade	1,92 €	2,32 €	50	96,00	116,16
MARCADOR PERMANENTE GROSO PUNTA BISELADA (azul, negro, vermello)	1 unidade	2,46 €	2,98 €	50	123,00	148,83
MARCADOR FLUORESCENTE - Ancho trazo 2-5mm - CORES (amarillo, verde, naranxa, rosa, azul, vermello)	1 unidade	0,81 €	0,98 €	530	429,30	519,45
LÁPIZ DE MADEIRA	1 unidade	0,34 €	0,41 €	120	40,80	49,37
AFILALÁPIZ METÁLICO CUÑA	1 unidade	0,20 €	0,24 €	36	7,20	8,71
PORTAMINAS RECARGABLE MINA 0,3-0,5-0,7 mm	1 unidade	1,23 €	1,49 €	36	44,28	53,58
MINAS HB 0,3 - 0,5 mm - 0,7 mm	Tubo de 12	0,98 €	1,19 €	36	35,28	42,69
GOMA DE BORRAR - Miga de pan	1 unidade	0,11 €	0,13 €	90	9,90	11,98
CINTA CORRECTORA 4,2mmx10m	1 unidade	2,64 €	3,19 €	125	330,00	399,30
CORRECTOR LÍQUIDO - Frasco 20 ml	1 unidade	1,47 €	1,78 €	10	14,70	17,79
TAMPÓN (azul e negro)	1 unidade	5,95 €	7,20 €	10	59,50	72,00
TINTA PARA TAMPÓN SECADO RÁPIDO CORES (azul e negro) 28 ml (+/- 3 ml)	1 unidade	3,33 €	4,03 €	20	66,60	80,59



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

PEGAMENTO EN BARRA 22 gr (+/-2)	1 unidade	1,78 €	2,15 €	90	160,20	193,84
PEGAMENTO INSTANTÁNEO 3 gramos (+/-2)	1 unidade	3,28 €	3,97 €	10	32,80	39,69
DISPENSADOR CINTA ADHESIVA para rollos de 19mmx33m - Base pesada	1 unidade	4,84 €	5,86 €	10	48,40	58,56
CINTA ADHESIVA INVISIBLE 19mmx33m	1 unidade	2,29 €	2,77 €	100	229,00	277,09
CINTA DE EMBALAJE TAMAÑO 50x66 (+-1)	1 unidade	1,39 €	1,68 €	3	4,17	5,05
PAPEL DE EMBALAR kraft 31 cm (+1 cm) - Aproxim. 6 kg	1 unidade	27,85 €	33,70 €	1	27,85	33,70
CLIPS NIQUELADOS Nº 1,5 (26 mm)	Caixa de 100 unidades	0,36 €	0,44 €	80	28,80	34,85
CLIPS NIQUELADOS Nº 2 (32 mm)	Caixa de 100 unidades	0,43 €	0,52 €	100	43,00	52,03
CLIPS NIQUELADOS Nº 3 (42 mm)	Caixa de 100 unidades	0,78 €	0,94 €	80	62,40	75,50
CLIPS MARIPOSA 40 mm (+- 3mm)	Caixa de 50 unidades	1,41 €	1,71 €	5	7,05	8,53
CLIPS MARIPOSA 60 mm (+- 3mm)	Caixa de 25 unidades	1,38 €	1,67 €	5	6,90	8,35
CHINCHETAS NIQUELADAS - 10 mm	Caixa de 100 unidades	1,02 €	1,23 €	30	30,60	37,03
PUSH PINS DE SEÑALIZACIÓN	Caixas de 50 unidades	0,48 €	0,58 €	2	0,96	1,16
DEDIL	Caixa 10 unidades	5,06 €	6,12 €	1	5,06	6,12
CALCULADORA de sobremesa - Pantalla LC de 12 dígitos	1 unidade	13,80 €	16,70 €	10	138,00	166,98
GRAPADORA DE SOBREMESA METÁLICA - Apertura frontal automática antibloqueo. Cargador doble guía. Base antideslizante. Capacidade mínima de follos grapadas: 30 hojas - Capacidade mínima grapas: 70 x 22-24/6	1 unidade	19,40 €	23,47 €	12	232,80	281,69
GRAPAS 22/6 - 24/6 - Cobreada	Caixa de 1000 unidades	0,62 €	0,75 €	200	124,00	150,04
GRAPAS 23/10 - Cobreada	Caixa de 1000 unidades	1,85 €	2,24 €	3	5,55	6,72
GRAPAS 23/13 - Cobreada	Caixa de 1000 unidades	1,99 €	2,41 €	3	5,97	7,22
EXTRAERGRAPAS - Tipo pinza	1 unidade	1,62 €	1,96 €	10	16,20	19,60
GOMAS ELÁSTICAS	Bolsa 1 kg	8,89 €	10,76 €	12	106,68	129,08
TALADRADORA METÁLICA 2 BURACOS - Con regleta tope papel - Capacidade 20 follos	1 unidade	12,20 €	14,76 €	6	73,20	88,57
CUTTER ERGONÓMICO - Corpo de plástico e cuchilla de aceiro fracturable - 9 mm (aprox.)	1 unidade	0,48 €	0,58 €	15	7,20	8,71
Recambios cuchillas cutter	Caixa 10 unidades	0,74 €	0,90 €	2	1,48	1,79
TIXEIRAS - Folla e remache aceiro inoxidable, aneis ergonómicos - 21 cm (+- 2 cm)	1 unidade	5,20 €	6,29 €	10	52,00	62,92



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

DOSSIER FASTENER polipropileno - Cuberta dianteira transparente - Fástener metálico - A4	1 unidade	0,47 €	0,57 €	200	94,00	113,74
DOSSIER PINZA polipropileno - Pinza de acero - Cuberta dianteira transparente - A4 - 30 follas (aprox.)	1 unidade	1,06 €	1,28 €	200	212,00	256,52
FUNDAS multitaladro plástico - Tamaño Fº - Mínimo 80 micras - 16 taladros - Pel naranxa	Caixa 100 unidades	8,30 €	10,04 €	30	249,00	301,29
ARQUIVO DEFINITIVO polipropileno - Tamaño Fº	1 unidade	2,49 €	3,01 €	600	1.494,00	1.807,74
SOBRE de polipropileno translúcido con peche de broche - Tamaño A4	1 unidade	0,47 €	0,57 €	30	14,10	17,06
CARPETA COLGANTE - Visor superior - Tamaño Folio - Fabricada en kraft	Paquete de 50	33,10 €	40,05 €	10	331,00	400,51
TUBOS DE CARTÓN PORTAPLANOS	1 unidade	2,38 €	2,88 €	15	35,70	43,20
BANDEXAS DE SOBREMESA - Fabricadas en poliestireno - Apilables de acceso vertical - Cores varios - Dimensións 345x255x60 (+- 5 mm)	1 unidade	1,90 €	2,30 €	35	66,50	80,47
PORTACLIPS magnético	1 unidade	1,58 €	1,91 €	12	18,96	22,94
CUBILETE PORTALÁPICES - Rejilla metálica	1 unidade	2,75 €	3,33 €	10	27,50	33,28
ESPIRAIS metálicas para encadernar - 6 mm	Caixa 100 unidades	6,09 €	7,37 €	2	12,18	14,74
ESPIRAIS metálicas para encadernar - 8 mm	Caixa 100 unidades	7,19 €	8,70 €	2	14,38	17,40
ESPIRAIS metálicas para encadernar - 10 mm	Caixa 100 unidades	8,84 €	10,70 €	2	17,68	21,39
ESPIRAIS metálicas para encadernar - 12 mm	Caixa 100 unidades	10,66 €	12,90 €	2	21,32	25,80
ESPIRAIS metálicas para encadernar - 18 mm	Caixa 100 unidades	20,08 €	24,30 €	2	40,16	48,59
TAPAS polipropileno para encadernar - A4 - 280 micras - Negro	Pack 100 unidades	13,94 €	16,87 €	5	69,70	84,34
TAPAS polipropileno para encadernar - A4 - 280 micras - Translúcido	Pack 100 unidades	19,86 €	24,03 €	5	99,30	120,15
BOLSAS PLASTIFICACIÓN - A5 - 125 micras	Pack 100 unidades	10,15 €	12,28 €	2	20,30	24,56
BOLSAS PLASTIFICACIÓN - A4 - 125 micras	Pack 100 unidades	12,90 €	15,61 €	3	38,70	46,83
TOTAL					14.938,37	18.075,43

Sexto: Formalizar o contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, publicando seguidamente a formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-

Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Para a formalización do contrato requírese que o licitador presente os documentos acreditativos de ter subscritos os seguros esixidos na cláusula 23 do PCAP, polo que antes da sinatura do contrato deberá presentar unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula (mínimo 600.000 euros por sinistro e un sublímite mínimo de 300.000 euros por vítima), así como copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente do pago da dita póliza.

Sétimo: De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désignase como responsable do contrato á xefa da Unidade de Réxime Interior, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese á responsable do contrato e máis á Intervención municipal, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

María Luisa de la Red Ampudia